

PLAN DE CONTINXENCIA

**CEIP Plurilingüe Wenceslao Fernández Flórez
2021-22**

9 de setembro de 2021

ACTUACIÓNS PREVIAS DIANTE DA APARICIÓ DUN ABROCHO

ACTUACIÓNS XERÁIS PARA O PERIODO DE ACTIVIDADE LECTIVA NON PRESENCIAL

MEDIDAS PARA O REINICIO DA ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIAL

ANEXO 1: Plan de Ensino Virtual.

ANEXO 2: Plan de Actuación. Atención á Diversidade. Contexto de ensino non presencial.

- Este Plan está elaborado seguindo as directrices marcadas pola Consellería.
- Plan de Continxencia do CEIP Plurilingüe Wenceslao Fernández Flórez ten por finalidade establecer os procesos para o reinicio da actividade académica presencial no caso de que se teña interrompido a suspensión da actividade lectiva como consecuencia da aparición dun abrocho que supoña o cese da actividade presencial nun aula/nivel/corredor/etapa educativa/centro.
- Trátase dun plan adaptable e modificable en función da situación epidemiolóxica.

ACTUACIÓNS PREVIAS DIANTE DA APARICIÓN DUN ABROCHO

1. **Non asistirán ao centro aqueles alumnos/as, docentes e outros profesionais que teñan síntomas compatibles con COVID-19**, así como aqueles que se atopen en illamento por diagnóstico de COVID-19, ou en período de corentena domiciliaria por ter contacto estreito con algunha persoa con síntomas ou diagnosticada de COVID-19.
2. **Diante dunha persoa que desenvolva síntomas compatibles con Covid-19 no centro educativo** seguirase o protocolo de actuación do centro previamente elaborado:
 - **Colocaráselle unha máscara cirúrxica, levaráselle á sala de Covid destinada ao efecto ata a recollida por parte da familia.** Esta disporá de adecuada ventilación, xel hidroalcohólico e papeleira con tapa de pedal. Será necesario contactar coa persoa responsable do manexo da Covid-19 no centro educativo e cos familiares ou titores legais.
 - **A persoa que acompañe ao caso sospeitoso deberá levar o material de protección adecuado:**
 - Máscara cirúrxica, se a persoa con síntomas a leva.
 - De forma excepcional e no caso específico de que o/a alumno/a teña unha exención para o uso da máscara por xustificación médica ou é menor de 6 anos e non usa máscara, a persoa acompañante usará máscara FFP2 sen válvula (KN95), ademais dunha pantalla facial e unha bata desbotable. Na eventualidade de que non houbese dispoñibilidade de máscaras KN95, poderá utilizarse unha máscara cirúrxica xunto coa obrigatoriedade da utilización da pantalla.
 - **Se coincidisen no tempo máis dun caso con sintomatoloxía compatible** coa Covid-19, os restantes casos agardarán acompañados por algunha persoa

traballadora do centro educativo de preferencia nun lugar cuberto exterior ao edificio ou noutro lugar interior coa ventilación adecuada.

3. En caso de presentar síntomas de gravidade ou dificultade respiratoria chamarase ao 061. **O/A traballador/a que inicie síntomas debe abandonar o seu posto de traballo protexido por máscara**, e logo de seguir as instrucións do centro de saúde ata que a súa situación médica sexa valorada por un profesional sanitario..
4. **No suposto da aparición dun caso, nun centro educativo** tanto sexa do alumnado, profesorado ou persoal do centro, a persoa coordinadora do equipo formado na COVID-19, **a petición dos servizos de saúde a través de EduCovid, incluírá na aplicación informática a información prevista do eventual afectado/a relativa aos contactos estreitos, dos compañeiros/as afectados/as e do seu profesorado, así como de quen sexa persoa próxima vencellada ao centro educativo.**
5. **A familia dun neno ou nena con sospeita de contaxio, deberá** solicitar unha consulta telefónica co seu pediatra para que este avalíe a necesidade de solicitude dun test diagnóstico.
6. **Tras a aparición dun caso diagnóstico da Covid 19** seguiranse as recomendacións da Central de seguimento e control (CSC) e, **no caso de gromos, da Xefatura Territorial de Sanidade.**
7. **A autoridade sanitaria, en coordinación coa Consellería de Educación determinará en cada caso o número de persoal e alumnado afectado e a duración das medidas de corentena o que se comunicará ao equipo COVID do centro.**
8. **A autoridade sanitaria, en función do número de contaxios, poderá ordenar o peche dunha ou varias aulas, dun nivel educativo ou do centro educativo na súa totalidade.**
9. **A aparición dun contaxio sospeitoso con posterior confirmación** é un suposto de declaración obrigatoria que implicará por parte da autoridade sanitaria a obriga de entrada en **corentena de polo menos 10 días** a todas as persoas que teñan a consideración de contacto próximo.
10. **A suspensión da actividade lectiva presencial suporá a aplicación das normas previstas no presente protocolo relativas ao peche de aulas ou centros educativos.**

ACTUACIÓNS XERÁIS PARA O PERIODO DE ACTIVIDADE LECTIVA NON PRESENCIAL.

(O seu desenvolvemento atopámolo no anexo deste documento: Plan de Ensino Virtual).

11. **O ensino non presencial será impartido polo profesorado ordinario do alumnado preferentemente a través da aula virtual de cada grupo.** O profesorado realizará o seguimento do alumnado impartindo os coñecementos da materia de xeito virtual a través dos contidos dispoñibles ben achegados polo profesorado o ben os que poña a disposición a Consellería. Igualmente o/a profesor/a poderá poñer tarefas ao alumnado que reforcen o contido da materia ou a avaliación continua da mesma.

12. O equipo COVID do centro identificará ao alumnado que teña dificultades de conexión ou falta de equipamento para que a consellería adopte as medidas oportunas que minimicen as eventuais dificultades da educación realizada por medios telemáticos.

13. Para cada caso concreto de suspensión da actividade lectiva presencial a Consellería poderá adoptar as medidas oportunas en relación cos períodos ordinarios de avaliación do alumnado cando coincidan co tempo de suspensión.

14. **Durante o período de suspensión da actividade presencial o centro educativo ten previstas as seguintes medidas:**

a) **Nos cursos de EDUCACIÓN INFANTIL** utilizaremos con carácter xeral a plataforma Abalar Móbil para o **contacto familia-escola** e, no caso de familias que non dispoñan de dita plataforma o correo electrónico ou o teléfono.

Nalgunha titoría estase a utilizar ademais a aplicación ClassDojo, e valorárase a posibilidade do seu uso noutras aulas.

Por outro lado, o equipo ten en funcionamento un **blogue** da etapa no que se publican diferentes **actividades** e que se utilizaría tamén no caso de ter que volver a educación non presencial.

Por outra banda, na **aula virtual** do centro existe xa un espazo para educación infantil que usaremos como **banco de recursos**.

No caso de suspensión da actividade presencial, ademais do contacto coas familias a través das plataformas mencionadas anteriormente, as mestras organizarán

sesións a través de **Cisco-Webex** para manter un contacto co alumnado dun xeito máis directo. A periodicidade e o momento valorarase en función das necesidades.

As familias que non poidan ter acceso a nada virtual, tentarase buscar a solución de facilitarlles traballo coa periodicidade a determinar xa dende o centro facilitándolles impreso o traballo semanal ou a través do programa do Concello (se o houberse tal como no confinamento anterior).

Durante os primeiros días do curso realizarase un rexistro das necesidades das familias a nivel informático para intentar solventalas de cara a estar preparadas no caso de volver a actividade non presencial.

b) **Para os cursos de 1º E 2º DE PRIMARIA** chegado o caso seguiremos as instrucións da Consellería.

- O ensino non presencial será impartido polo profesorado a través da Aula Virtual e a web do cole. Tamén teremos en conta as axudas do Concello, se fora posible, para aqueles nenos/as que o precisen.
- Poderase facer uso de calquera outra ferramenta dixital que facilite ao alumnado a súa tarefa de aprendizaxe.
- O seguimento farase a través da propia Aula Virtual ou dos correos electrónicos das familias.
- Para comunicarnos coas familias utilizaremos Abalar, Aula Virtual, Correo Electrónico e chegado o caso o teléfono.

c) **Nos cursos 3º e 4º DE PRIMARIA** o profesorado poderá utilizar chegado o caso, ademais do aula virtual outras aplicación ou blogs que faciliten ao alumnado a súa tarefa de aprendizaxe.

d) **O alumnado de 5º e 6º DE PRIMARIA** empregará o entorno Edixgal, xa que cada alumno terá cargados no seu PC todos os contidos necesarios para seguir o seu proceso de aprendizaxe, sen esquecer as videoconferencias que os distintos mestres consideren necesarias para reforzar estas aprendizaxes.

En xeral, como recursos alternativos a empregar á aula virtual están os elaborados polo profesorado en nos diferentes niveis aloxados, tendo en conta que a web do centro é o enlace de referencia para atopar contidos educativos para o traballo do alumnado.

Do mesmo xeito as familias poderán atopar na web da consellería contidos Abalar e dixitais do Ministerio de Educación e aqueles outros existentes na rede e considerados axeitados para o nivel educativo no que se vaia a empregar.

MEDIDAS PARA O REINICIO DA ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIAL

15. Finalizado o período de peche presencial da aula, nivel educativo ou centro realizarase unha planificación do retorno a actividade presencial.

ANEXO 1.

PLAN DE ENSINO VIRTUAL

1. CONTEXTO
2. INTRODUCCIÓN
3. OBXECTIVO
4. MEDIDAS ORGANIZATIVAS DO CENTRO
5. COMO PROCEDER EN CASO DE CONFINAMENTO O PECHE DO CENTRO/AULA.
6. CONSIDERACIÓNS A TER EN CONTA POLAS FAMILIAS
7. LIÑAS DE ACTUACIÓN DO PLAN *DE ENSINO VIRTUAL ANTE A COVID-19*
 - 7.1. Funcionamento en *horario espello* (empregando ferramentas de comunicación e aulas virtuais)
 - 7.2. Instrucións no caso de peche ou confinamento
 - 7.2.1. Procedemento para desenvolver o ensino virtual ante a Covid-19
 - 7.2.2. Instrucións do DO: atención ás necesidades educativas especiais
 - 7.3. Distribución de medios informáticos en función das necesidades para o seguimento da actividade lectiva
 - 7.4. Avaliación e control do alumnado e a realización de accións formativas para o ensino a distancia.
 - 7.5. Accións formativas para o ensino a distancia
8. RESUMO. (*Segundo Anexo I da Consellería. Versión do 2 de novembro de 2020 do Plan de Continxencia ante peches de aulas ou centros educativos no contexto da Covid-19.*)

ANEXO I: ACCESO A FAMILIAS

- **Á aula virtual**
- **Servizo de videoconferencias Webex**
- **Servizo de videoconferencias Falemos**
- **Acceso á E-Dixgal**

ANEXO II: CESIÓN DE RECURSOS

ANEXO III: PLANIFICACIÓN SEMANAL DO TRABALLO DOCENTE

1. CONTEXTO

O centro elaborará un Plan de Continxencia, que será aprobado pola dirección do centro no que se establecerán as medidas en caso de suspensión da actividade lectiva, as medidas para facer efectivo o ensino a distancia e os supostos de reactivación da actividade lectiva presencial, de conformidade coas instrucións da autoridade sanitaria.

O ensino non presencial será impartido polo profesorado ordinario do alumnado preferentemente a través da aula virtual de cada grupo. O profesorado realizará o seguimento do alumnado impartindo os coñecementos da materia de xeito virtual a través dos contidos dispoñibles ben achegados polo profesorado o ben os que poña a disposición a Consellería. Igualmente o/a profesor/a poderá poñer tarefas ao alumnado que reforcen co contido da materia ou a avaliación continua da mesma

As aulas virtuais utilizaranse, de ser o caso e nos supostos de educación a distancia, cando menos, co alumnado de terceiro de Educación Primaria en adiante e para o alumnado que parcialmente estea en situación de corentena cando non exista suspensión da actividade presencial, sen prexuízo doutras opcións de formación a distancia que poida por en funcionamento a consellería. O seu uso en Educación Infantil, primeiro e segundo de Educación Primaria quedará a discreción do centro educativo tal e como establece o equipo docente para cada un deles no plan de continxencia.

Organizarase unha reunión virtual nun horario que facilite a asistencia das familias, no que se fará un repaso polo funcionamento da aula virtual e se resolverán dúbidas das familias. Farase unha reunión diferenciada para o alumnado de 2º EP e cursos inferiores, dado que a súa atención non se basea na aula virtual. Terase en conta a capacidade máxima de participantes nas aplicacións aportadas pola Consellería para videoconferencias e, polo tanto, realizaranse tantas convocatorias como sexan necesarias

Polo tanto:

- O protocolo establece o ensino virtual como recurso en caso de corentena ou confinamento total.
- Cada centro educativo, no correspondente Plan de Continxencia, recolle as medidas precisas para desenvolver o ensino a distancia.
- O ensino non presencial será impartido polo profesorado ordinario, que tamén realizará o seguimento do alumnado.

2. INTRODUCCIÓN

Este Plan pretende recoller unha serie de actuacións que permitirá continuar coa formación do alumnado, nos casos nos que sexa preciso, un escenario de educación non presencial. O obxectivo é que a actividade lectiva non sexa prexudicada no seu desenvolvemento.

Para iso, segundo a casuística, o centro a través da xefatura de estudos, persoa titora e equipo docente do grupo determinaran unha serie de tarefas determinadas e uns horarios concretos nos que desenvolver o ensino no presencial co alumnado dun modo o máis organizado posible.

Esta previsión de planificación facilitará, na medida do posible o seguimento e avaliación do progreso do alumnado, garantindo a interacción programada entre alumno e profesor.

Estas pautas aplicaranse de terceiro de Primaria en diante. Nos niveis anteriores poderán empregarse opcionalmente as aulas virtuais, e todas aquelas ferramentas e/ou recursos dixitais que estean establecidos nas diferentes programacións didácticas e plan de continxencia do centro.

3. OBXECTIVO

Proporcionar un sistema de docencia virtual que ofrezca ao alumnado en corentena ou confinamentos totais ou parciais unhas rutinas similares ás do ensino presencial, garantindo a:

- Interacción entre alumnado e profesor
- Realización de tarefas.
- Avaliación do progreso

4. MEDIDAS ORGANIZATIVAS DO CENTRO

- Elaboración dun horario para o ensino a distancia.
- Facilitar ao alumnado e familias o procedemento de actuación na aula para unha hipotética situación de ensino non presencial.
- Análise das necesidades e carencias das familias para un seguimento do ensino a distancia.

- Posta en coñecemento a Inspección educativa das limitacións existentes na nosa comunidade educativa para o desenvolvemento desta práctica de ensino.
- Identificación do profesorado que precise de formación nesta materia, o cal recibirá de xeito inmediato unha formación por parte dos servizos da Rede de Formación Permanente do profesorado.

5. COMO PROCEDER EN CASO DE CONFINAMENTO O PECHE DO CENTRO/AULA.

- O mesmo día do peche, a dirección do centro enviará unha comunicación a través da aplicación AbalarMóbil e/o publicará unha nova na web do centro (segundo sexa necesario) .
- Dende as persoas responsable/s da/s titoría/s trasladaranse orientacións ás familias de cómo se vai desenvolver o ensino a través da aula virtual durante ese tempo, recollidas xa neste plan.
- Dotarase, coa maior brevidade posible, a aula virtual dos contido e tarefas necesarias para que o alumnado continúe co seu proceso de ensino-aprendizaxe.

6. CONSIDERACIÓNS A TER EN CONTA POLAS FAMILIAS

- A actividade lectiva non presencial será impartida polo profesorado ordinario do alumnado a través das ferramentas dispoñibles.
- Utilizarase unha plataforma de videoconferencia corporativa (Webex, Falemos...) que permite a interacción en tempo real, compartir contidos e a realización de exercicios.
- A Aula virtual vai ser o espazo dixital de traballo que permita dispoñer dun espazo web online para organizar os contidos e recursos do ensino.
- O profesorado e o alumnado do grupo deberán conectarse á hora que se establece no cadro horario que fora fixado polo centro no caso dun ensino non presencial.
- As tarefas para o alumnado asemellaranse o máximo posible ao sistema presencial, respectando o seu dereito ao lecer e ao descanso.

7. LIÑAS DE ACTUACIÓN DO PLAN DE ENSINO VIRTUAL ANTE A COVID-19

7.1. Funcionamento en *horario espello* (empregando ferramentas de comunicación e aulas virtuais)

O proceso de ensino aprendizaxe, para que sexa efectivo, necesita do mantemento dunhas rutinas que pasan por unha interacción entre o alumnado e o profesorado, explicación de conceptos, realización de tarefas, resolución de dúbidas, avaliación do progreso, que ineludiblemente conleva unha estruturación do proceso mediante a

organización dun horario similar ao desenvolto nunha situación de presenza presencial, empregando ferramentas de comunicación e aulas virtuais.

Para desenvolver o *horario espello* cada centro elaborará un horario para a docencia a distancia similar ao do ensino presencial.

Esta programación respectará a carga lectiva de cada materia e distribuirase de tal forma que un mínimo do 60% se centre na docencia virtual e o 40% restante á realización de tarefas por parte do alumnado. Así mesmo, respectaranse tempos de descanso dos estudantes.

Este horario para o ensino a distancia, de obrigado cumprimento para o alumnado e profesorado, e referencia para as familias, deberá establecer unha orde no proceso formativo similar ao ensino presencial, que permita avanzar nas programacións das áreas, ámbitos, materias ou módulos pero sen obrigar ao alumnado e ao profesorado a unha conexión continua, para conseguir que o proceso de ensino-aprendizaxe sexa o máis efectivo posible.

Polo tanto, entre sesión e sesión, poderá haber un tempo de descanso se se precisa polo alumnado de 5 minutos.

Os horarios de aula serán comunicados ao profesorado e alumnado para o seu cumprimento, informando ás familias a través do titor do grupo de alumnos e publicados na páxina web do centro.

Do mesmo xeito, haberá un horario de tutoría para familias de 16:00 a 17:00 horas todos os luns da semana. As tutorías realizaranse por petición das familias o do mestre/a correspondente utilizando os medios máis axeitados, chamada telefónica, videoconferencia...

A continuación do horario de tutorías, o profesorado seguirá co calendario de reunións establecido, tendo en conta as posibles modificacións do mesmo segundo a situación na que nos atopemos.

7.2. Instrucións no caso de peche ou confinamento.

O plan establece o protocolo a seguir no caso de que se decrete o peche ou confinamento do alumnado, segundo o cal:

- **O mesmo día do peche** a dirección enviará unha comunicación a través de aplicación abalarMóbil e/ou publicará unha nova na web do centro (segundo sexa aula ou centro). Aquelas familias que non dispoñan de recursos dixitais serán informadas vía telefónica sempre que sexa posible.
- **Habilitaranse na aula virtual** do centro, os máis rapidamente posible, os recursos e actividades iniciais e trasladaranse as orientacións oportunas de cómo utilizar as ferramentas e recursos ás familias polo titor de cada grupo aula. Ditas orientacións están recollidas nos seguintes anexos: Anexo I: Á aula virtual/Servizo de videoconferencias Webex/ Servizo de videoconferencias Falemos/ Acceso á E-Dixgal.
- **Habilitarase un espazo con vídeo tutoriais para facilitar as familias** o uso das diferentes ferramentas dixitais necesarias para un ensino a distancia no seguinte ligazón:
<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipwenceslaocorunha/aulavirtual/course/view.php?id=64>
- A partir dese momento, o alumnado e profesorado conectarase á aula virtual e á plataforma de videoconferencias para seguir as clases segundo o estipulado no *horario espello*.
- **Cada día lectivo, haberá momentos de conexión virtual a través da ferramenta de videoconferencia** (Webex ou a que a Consellería determine). **Por norma xeral**, os códigos de acceso de videoconferencia serán sempre os mesmos para cada grupo-aula e serán facilitados polas canles oficiais (AbalarMóbil e/ou Aula Virtual) no momento que corresponda. A persoa titora ou especialista correspondente habilitará a sala de videoconferencia respectando os horarios espello de ENSINO VIRTUAL que o centro estableza. O alumnado deberá permanecer conectado na sesión da súa aula para seguir as indicacións da mestra/e para ese día, salvo que a persoa titora ou especialista determine outro tipo de tarefa virtual.
- **O profesorado especialista de Relixión** habilitará unha reunión en particular co seu alumnado para impartir esa materia.
- **O alumnado atendido polo Departamento de Orientación (PT e AL)** conectarase virtualmente con este profesorado para recibir as súas clases, tendo en conta os novos horarios establecidos. O profesorado de PT e AL serán os encargados de convocar estas clases virtuais con cada un/unha dos alumnos/as.
- **As videoconferencias abriranse sempre polo profesor correspondente 10´ antes** da primeira sesión de cada día, de xeito que de tempo a que todo o alumnado se poida conectar á videoconferencia “clase”.
- **Entre sesións sempre haberá un tempo de 5´ de descanso** para ao alumnado e profesorado.

- O mestre/a realizará un control de asistencia e participación a través dos medios telemáticos, do alumnado asistente, e comunicará ao titor/a, que rexistrará diariamente mediante as ferramentas habituais, e informará as familias de xeito concreto das súas consecuencias no proceso de avaliación.

7.2.1. Procedemento para desenvolver o ensino virtual ante a Covid-19

DESENVOLVEMENTO DAS CLASE (3º/4º/5º e 6º de primaria)

- a. Aproximadamente o 60% da carga lectiva desenvolverase a través da aplicación de videoconferencia facilitada pola Consellería de Educación. Durante estas clases o profesorado poderá realizar as seguintes actividades, para garantir o avance nas distintas programacións didácticas:

- Explicación dos contidos incluídos nas programacións das distintas áreas.
- Realización de actividades/exercicios para constatar a adquisición dos contidos explicados.
- Resolución de dúbidas presentadas polo alumnado.
- Explicación daquelas tarefas, que unha vez corrixidas nos diferentes espazos virtuais, demostraran unha maior dificultade para o alumnado.

As conexións deben realizarse sempre uns minutos antes do inicio da sesión, de xeito que ao inicio da mesma todo o mundo estea xa conectado. As claves sempre serán as mesmas para cada materia/profesor ou profesora, de xeito que sexa máis doada a conexión. Ditas claves estarán colgadas na web do cole para facilitar o acceso

b. Traballo individual do alumnado

O 40% restante, destinarase ao traballo individual do alumnado, e desenvolverase nas distintas aulas virtuais, realizando as actividades que os seus mestres/as consideren necesarios para a adquisición dos contidos explicados. No caso de 5º e 6º o traballo se realizará preferentemente a través do entorno Edixgal no que o alumnado se desenvolve de maneira habitual cos libros de texto das diferentes editoriais escollidos e descargados nos seus ordenadores.

As actividades que impliquen entrega de arquivos deben estar en formato PDF.

Estas actividades poderán consistir en:

- Realización de tarefas dos libros de texto.
- Entrega de fichas de reforzo, repaso e/ou ampliación.
- Visualización de vídeos.
- Realización de actividades interactivas.
- Realización de Cuestionarios/Tests.

CORRECCIÓN DAS ACTIVIDADES

As actividades realizadas polo alumnado corríxiranse, principalmente, a través da aula virtual e o entorno Edixgal nos cursos de 5º e 6º. No caso de presentar algunha dificultade especial, nas clases telemáticas.

AVALIACIÓN DO ALUMNADO

Para avaliar ao alumnado teranse en conta os seguintes aspectos:

- Conexión ás clases telemáticas.
- Presentación das distintas tarefas, propostas polo profesorado, en tempo e o máis correctas posibles.
- Superación das probas de avaliación (Tests, cuestionarios, traballos escritos,...)

7.2.2. Instrucións do DO: atención ás necesidades educativas especiais.

Dentro do posible manteranse os obxectivos marcados no PAD. Para iso adoptaremos as seguintes medidas:

- **Educación Infantil e 1º e 2º niveis de Ed. Primaria:**
- O profesorado titor, en colaboración co profesorado de PT e AL que atende ao alumnado da súa titoría poranse en contacto coa familia para informar do modo de traballar de xeito telemático, ou usando o correo electrónico ou o teléfono . En todo caso a familia estará informada do xeito de traballar en confinamento tanto coa titora coma coas especialistas de xeito que podan prantexar dúbidas, e consultar o que considere necesario.
- As especialistas de PT aportarán á titoría aquel material individual que o alumnado de neae precise, e que poda ser desenvolto na casa coas orientacións dadas polos medios telemáticos que mellor se adapten a cada caso.
- A especialista de A.L., naqueles aspectos que sexa posible desenvolver na casa coas orientacións precisas, fará o mesmo que as profesoras de P.T. Elixirá os medios e recursos mais axeitados a cada caso individual.
- En ambos casos o titor ou titora levará un control do nivel de funcionamento deste alumnado, e contará coa axuda das especialistas citadas e realizará os cambios que se considere oportunos en canto a nivel de dificultade, como de adecuación dos recursos e de cantidade de traballo.
- Entre os recursos figurarán: Propostas/recomendacións de como traballar na casa; propostas de xogos; materiais con pictogramas (segundo casos); historias sociais, visita e aproveitamento dos blogs de aula nos casos en que así sexa.
- Hai que recordar que o profesorado de PT e AI non ten acceso ao espazo ABALAR e polo tanto os medios que use serán distintos do que usa o/a titor/a

reducíndose así, en certo modo, as facilidades de conexión coas familias e co alumnado que atende.

- Este alumnado será avaliado trimestralmente polas/os titoras/es en conxunto cos especialistas e coa orientadora.
- O alumnado con ACS seguirá a formación segundo o seu programa individual e cos recursos que xa está a utilizar, na medida do posible, e serán substituídos, no caso en que as condicións non sexan as mais axeitadas.

- **Educación primaria: cursos de 3º a 6º.**

- Informar e poñerse en contacto coas familias para establecer as directrices, horarios, recursos, etc para proceder a unha dinámica de traballo que imite na meirande parte o traballo presencial na aula. Encargarase o titor ou titora en primeiro lugar, a través do espazo ABALAR (o profesorado especialista de PT/AL non ten acceso a este espazo, polo que optará por outras vías de contacto en coordinación cos titores.)
- O horario de atención ao alumnado de neae será o mesmo que se está a seguir no ensino presencial. Adicando o 60 por cento á atención individualizada e o 40 por cento restante a tarefas a realizar por parte do alumnado.
- O alumnado de 3º e o alumnado de 6º que teñen ACS seguirán os contidos marcados na súa programación cos materiais aportados polo neno/a, polas titoras/es e polas especialistas en PT e AL para acadar os obxectivos establecidos nas súas ACS individuais.
- Este profesorado especialista utilizará a aula virtual para interaccionar cos seus alumnos no horario establecido para cada un/unha de xeito individual na proporción enriba sinalada. Fará as correccións oportunas e trasladará os resultados ao alumnado usando correo electrónico, ou outros medios que considere axeitados a cada caso (Webex).
- O alumnado de 5º traballa con E-DIXGAL. Os alumnos de neae que son atendidos por profesorado de PT e AL para desenvolver as súas ACS Terán adicación do 60 por cento de horario lectivo con comunicación directa con estas mestras. As correccións dos seus traballos farano pola vía telemática que sexa acordada coa familia.
- Este alumnado será avaliado polas /os titoras/es en conxunto cos especialistas e coa orientadora.

- **Funcionamento da orientadora do centro**

- No caso de confinamento parcial estará en contacto coas especialistas do D.O. e estará dispoñible para facer as aportacións que se requiran na medida das posibilidades.
- Tentarase levar a cabo os obxectivos que están na Concreción do P.A.D. en cada trimestre.

- Usará os medios telemáticos necesarios para solventar a comunicación necesaria entre os diversos ámbitos de comunicación cara a levar a orientación ata onde sexa posible.

7.3. Distribución de medios informáticos en función das necesidades para o seguimento da actividade lectiva

O plan recolle, así mesmo, pautas para o reparto dos dispositivos electrónicos que a Xunta de Galicia pon a disposición do alumnado máis vulnerable. Deste xeito,

- O mesmo día do peche, se é posible, os centros educativos afrontarán cos seus propios recursos tecnolóxicos as necesidades TIC máis perentorias do centro.
 - Para iso o centro educativo a través do quipo directivo e a persoa titora do grupo/s estableceran unha canle de comunicación coas familias con limitacións para afrontar un ensino virtual e facer préstamo dos recursos necesarios a ditas familias. Para dita distribución as familias deberán cubrir o Anexo II: Folla de préstamo de medios ás familias. Asinando a folla das condicións.
- Unha vez atendidas as necesidades iniciais, no caso de que os centros non poidan satisfacer todas as necesidades, as direccións dos centros trasladarán con carácter de urxencia á Inspección Educativa as necesidades de equipos, indicando a prioridade de cada unha delas.
- Os tutores organizarán unha reunión virtual nun horario que facilite a asistencia das familias para a explicación e familiarización cos mesmos.
- Unha vez superada a situación de confinamento ou peche do centro, o propio centro recollerá todos os equipos cedidos.

7.4. Avaliación e control do alumnado e a realización de accións formativas para o ensino a distancia.

O *Plan de ensino virtual ante a covid-19* contempla un sistema de avaliación do traballo realizado, que incluírá unha sesión de tutoría para os alumnos e para as familias.

Do mesmo xeito, atenderase especialmente ao alumnado con necesidades educativas especiais, dotándoo dos medios e recursos organizativos e didácticos necesarios por parte do departamento de orientación do centro.

Así mesmo, a xefatura de estudos, requirirá ao final de cada semana unha relación das actividades realizadas por todo o profesorado do centro. Anexo III: Planificación semanal do traballo docente.

Por outra banda, a modalidade de ensino virtual garantirá tamén o control de asistencia dos alumnos, a través da supervisión de asistencia por parte do profesorado polas canles habituais.

Tendo en conta o redactado no punto 7.2.1 deste plan, e o recollido no plan de Continxencia do centro, así como as programacións didácticas das diferentes materias, queda recollido:

- Os recursos e ferramentas a utilizar para impartir os contidos.
- Como se corruxiran as tarefas
- Os tempos de resolución de dúbidas.
- Como se vai avaliar.
- Os mínimos exixibles para a superación da materia.

7.5. Accións formativas para o ensino a distancia.

Para o desenvolvemento efectivo do proceso de ensino-aprendizaxe a distancia cómpre que:

- O profesorado teña recibido a formación básica necesaria para desenvolver esta novedosa forma de ensino, coa realización do cursos de formación ofertados pola Consellería de Educación.
- O alumnado conte coas competencias necesarias para o uso dos medios telemáticos que se vaian empregar, e para iso o profesorado de cada área, materia ou módulo experimentará no centro cos alumnos o uso dos medios de comunicación telemática no caso de ter que desenvolver o ensino a distancia.
- Coñecer as posibilidades e necesidades de recursos tecnolóxicos das familias, para o cal, o titor/a recollerá a información necesaria de cada unha delas, (Disposición de Abalarmóbil, conexión a internet, e un soporte informático con teclado para seguir o ensino a distancia).
- Poner a disposición dos pais/nais ou representantes legais toda a información para que poidan apoiar ao alumado no proceso. Plan de ensino virtual.
- Empregaranse os recursos formativos do centro ou solicitarase o apoio do asesor Abalar ou asesores do Centro de Formación e Recursos.

8. RESUMO

- O centro establecerá unha planificación horaria (de 3º a 6 de educación primaria) de traballo do profesorado do grupo co alumnado que reflicta o establecido no modo presencial de xeito que se manteña o vínculo co alumnado do xeito máis coherente posible tendo en conta o medio virtual no que se desenvolve.
- Os centros realizarán periodicamente simulacións que permitan ter establecidos os protocolos de actuación no caso de peche.
- Os centros comunicarán as familias necesarias a concreción do protocolo en caso de peche para que sexa coñecido e poidan contribuír ao proceso educativo coa publicación deste plan de ensino virtual na web do centro, e comunicación mediante abalarmóbil.
- Para garantir o proceso, o profesorado que o precise, realizará unha formación básica.
- As tarefas para o alumnado semellaranse o máis posible ao sistema presencial respectando o seu dereito ao lecer e ao descanso.
- O alumnado é titular dos mesmos dereitos e deberes no ensino non presencial, e, polo tanto, está obrigado participar nas clases non presenciais con aproveitamento e sometido ás mesmas normas de convivencia independentemente da situación de peche ou confinamento.
- Durante o peche ou confinamento, sempre de acordo coas indicacións sanitarias derivadas da evolución epidemiolóxica, o profesorado poderá seguir o proceso educativo no seu centro educativo ou no seu domicilio.
- A actividade lectiva non presencial será impartida polo profesorado ordinario do alumnado a través das ferramentas institucionais tales como as aulas virtuais, Webex, etc.. O profesorado realizará o seguimento do alumnado, impartirá os contidos da materia de xeito virtual e poderá poñer tarefas ao alumnado que reforcen o contido da materia ou a avaliación continua da mesma.
- Cando durante o peche ou confinamento parte do profesorado afectado se atope de baixa será o equipo docente co apoio da persoa Coordinadora TIC /eDixgal, quen dispoña provisionalmente de recursos formativos ao alumnado ata a incorporación de persoal de substitución ou a alta do/a docente.
- O mesmo día do peche a dirección do centro enviará unha comunicación a través de abalarMóbil e/ou publicará unha nova na web do centro.
- O profesorado habilitará na aula virtual do centro os recursos e as actividades iniciais e trasladará orientacións ás familias, especialmente para o alumando. Estes recursos poderán remitirse aos libros de texto, a fichas específicas e a actividades en liña, entre outros.
- Durante o peche ou confinamento o profesorado continuará coa súa labor docente de acordo co previsto no apartado 30 do Protocolo de Adaptación ao Contexto da Covid-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2020-2021.

- A atención ao alumnado que deba permanecer en illamento, mesmo cando non se produza o peche ou confinamento da aula ou centro, responderá ao previsto con carácter xeral no artigo 25 do Decreto 229/2011.
- A actividade educativa durante o peche ou confinamento estará sometida aos principios xerais de inspección educativa.
- Garantirase en todo momento a atención á diversidade do alumnado para o cal se disporán os recursos organizativos e didácticos necesarios que, con carácter individualizado, respondan ás súas necesidades, con especial atención ás adaptacións curriculares e aos protocolos de atención á diversidade, de ser o caso.
- A administración educativa garantizará o dereito á educación e a súa equidade. A tal fin disporá os medios informáticos necesarios para o seguimento do ensino virtual por parte do alumnado que o precise de acordo co seguinte protocolo:
- O mesmo día da corentena ou do peche os equipos directivos afrontarán cos seus propios recursos tecnolóxicos as necesidades TIC máis perentorias do centro.
- Unha vez atendidas as necesidades iniciais, se é necesario, as direccións dos centros trasladarán con carácter de urxencia por correo electrónico á inspección educativa as necesidades, priorizadas, de equipos que quedaran sen cubrir.
- Adoptaranse criterios unificados que dependerán da extensión e alcance do peche e, polo tanto, das necesidades en cada momento. Os equipamentos entregaranse ao centro educativo que será o responsable da organización da entrega ás familias e posterior recollida.
- Todas as familias que reciban equipamento público deberán asinar un compromiso de cesión responsabilizándose do dito material segundo o modelo que se atopa dispoñible como Anexo II deste mesmo Plan de ensino virtual.
- Unha vez superada a situación de confinamento ou peche o centro educativo, no prazo máximo de 3 días deberá recompilar todos os equipos cedidos para ser logo recollidos por AMTEGA.
- Cando foran repartidos todos os equipamentos necesarios e dispoñibles ás familias, organizarase unha reunión virtual nun horario que facilite a asistencia das familias, no que se fará un repaso polo funcionamento da aula virtual e se resolverán dúbidas das familias.
- Farase unha reunión diferenciada para o alumnado de 2º EP e cursos inferiores, dado que a súa atención non se basea na aula virtual.

ANEXO I: ACCESO A FAMILIAS

- **Á AULA VIRTUAL**
- **SERVIZO DE VIDEOCONFERENCIAS WEBEX**
- **SERVIZO DE VIDEOCONFERENCIAS FALEMOS**
- **ACCESO Á E-DIXGAL**

Ensino Virtual - Acceso á aula virtual




Preme para ver un videotutorial

1. Accede á páxina web do centro: www.edu.xunta.gal/centros/ceipwenceslaocorunha/




2. Preme na pestana “Aula virtual”:



3. Unha vez na aula virtual, preme en “Acceso” (parte superior dereita)

O formato do nome de usuario é sempre o nome e o primeiro apelido, todo xunto e en minúsculas e sen acento. As ñ pasan a ser n.

O meu nome de usuario é:



O contrasinal inicialmente é 1234.

Atención! A primeira vez que se accede a plataforma solicita un cambio de contrasinal. Elix unha doada de recordar e anótea nun sitio seguro.

4. Introducir o nome de Usuario e contrasinal.

5. Despois de introducir os datos de acceso, preme en “Acceder”



6. Aparecerá os cursos nos que está matriculado/a.


7. Preme no curso indicado polo/a titor/a para visualizar o contido.

Ensino Virtual - Servizo de videoconferencias Webex





Preme para ver un vídeotutorial

1. Acceder á seguinte web: <https://eduxunta.webex.com/webappng/sites/eduxunta/dashboard/home>




2. Poñemos o código da reunión facilitado polo/a profesor/a (adoitan ser nove díxitos).

3. Prememos en “Unirse”.





4. Escribimos o contrasinal (de ser o caso).

5. Dámoslle a “Aceptar”.



6. Prememos na frechiña lateral dereita.









7. Se non temos o Cisco Webex instalado, seleccionamos “Usar a aplicación web”.





8. Identifícamonos e prememos en “Siguiete”.

9. Finalmente,premer en “Unirse á reunión”.

Ensino Virtual - Servizo de videoconferencias “Falemos”



		
<p>1. A mestra/e facilitaranos unha dirección url. Prememos sobre ela para acceder á videoconferencia ou a poñemos no navegador.</p>		<p>2. Introducimos nome e apelido da alumna/o. Despois temos dúas opcións; explícanse ambas nos dous seguintes pasos.</p>
		
<p>3. Opción a: Podemos solicitar unírnos sen contrasinal. Nese caso debemos esperar a que a mestra/e nos dea permiso para entrar. É fundamental <u>identificarse correctamente</u>. Non se admitirán usuarios con nomes ficticios.</p>		<p>3. Opción b: Premer en “Introduzca unha contrasinal” e escribir o contrasinal facilitado. Logo prememos en “Unirse”.</p>
		
<p>4. Xa estamos dentro da reunión.</p>		<p>IMPORTANTE: Asegúrate de permitir o uso da cámara e do micro para poder intervenir na clase cando o mestre/a o solicite.</p>

ACCESO A EDIXGAL




1.- Escribe o enderezo no buscador, na parte superior:
<https://eva.edu.xunta.gal>

2.- Escribe o nome de usuario do neno e debaixo o seucontrasinal. Preme en **Acceder**.




3.- Selecciona: **As miñas materias**. Abrirase un despregable.

4.- Selecciono a materia desexada:



5.- Premo en temas da materia e selecciono a Unidade que estou a traballar.



6.- Premo no título da unidade didáctica e abríbase para poder traballar.



Eleximosa parte dos contidos que estamos a traballar e xa está

ANEXO II: CESIÓN DE RECURSOS*

Eu, D./Dna. _____ con DNI _____
pai/nai/titor/a legal do/a alumno/a _____
do centro educativo _____

_____ recibín en réxime de
préstamo o equipamento identificado máisabaixo para continuar o proceso formativo durante a
vixencia das circunstancias excepcionais derivadas da pandemia por Covid-19.

Comprométome a usalo de forma responsable, a mantelo baixo a miña responsabilidade e
coidado, a cumprir coas medidas de seguridade apropiadas e a devolvelo nas mesmas
condicións en que me foi entregado.

EQUIPO	MODELO	N.º DE SERIE
--------	--------	--------------

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

Responsable do tratamento Xunta de Galicia. Centro educativo ao que se refire este documento

Finalidade do tratamento Rexistro e acta de entrega de equipamento

Lexitimación do tratamento O cumprimento dunha misión de interese público, o
exercicio de poderes públicos, o cumprimento dunha
obriga legal, segundo a normativa xeral e sectorial
referida en [https://www.xunta.gal/informacion-xeral-
proteccion-datos](https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos) e demais regulación concordante

Destinatarios do datos Non se prevén comunicacións a terceiras persoas

Exercicio dos dereitos As persoas interesadas poderán solicitar o acceso,
rectificación, limitación, portabilidade e supresión dos
seus datos, a través da sede electrónica da Xunta de
Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na
normativa reguladora do procedemento administrativo
común segundo se recolle en
<https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos>

Contacto delegado/a de protección de <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>
datos e información adicional

E para que así conste, asino este documento

En _____, a de _____ de _____

.....
Entregado ao centro educativo con data ____/____/____

***O préstamo ás familias e a devolución do equipo formalizarase coa firma
dos acordos de cesión e devolución facilitados pola Administración dende
a aplicación de Protocolos Educativos.**

CONDICIÓN DA CESIÓN

1. Mediante este acordo a Xunta de Galicia cede o uso dun ordenador e dun kit de conexión composto por un router inalámbrico e unha tarxeta SIM, ao/a alumno/a cunha finalidade educativa para a realización de tarefas escolares durante o período de corentena ou confinamento domiciliario do alumno/a por indicacións sanitarias debido a situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, coas condicións e normas recollidas neste documento. Non se poderá utilizar o citado equipo para ningún outro uso persoal ou profesional. Ademais non poderá cederse a terceiras persoas.

2. O/a alumno/a e a súa familia non poderán realizar manipulacións no ordenador nin no software nel instalado. En caso de que se observe calquera desperfecto no equipo, deberá informar ao/á titor/a do curso e notificalo á Unidade de Atención a Centros (UAC) no menor prazo posible. Dado que se trata dunha ferramenta proporcionada pola Administración, o persoal técnico da Xunta de Galicia poderá requirir o ordenador para desenvolver actividades de administración ou mantemento.

3. O ordenador e o kit de conexión deberán ser entregados (nas súas embalaxes orixinais) no centro educativo á máxima brevidade e sempre no prazo máximo de 3 días da reincorporación do alumno/a ao centro escolar unha vez rematado o período de estancia domiciliaria.

4. Responsabilízome do correcto coidado e uso do ordenador e do kit de conexión, respondendo da perda deste ou do seu mal uso. Isto non inclúe as avarías que poidan producirse na utilización diaria dos equipos e estean contempladas na súa garantía.

UNIDADE DE ATENCIÓN A CENTROS

uac@edu.xunta.gal

881997701

**ANEXO III: PLANIFICACIÓN SEMANAL DE TRABAJO DOCENTE**


PLANIFICACIÓN SEMANAL 3º ____ /4º ____ /5º ____ /6º ____ DE ED. PRIMARIA
SEMANA DO ____ AO ____ DE ____ DE 202__

Sesión/hora	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
1ª 9:00/9:50					
2ª 9:50/10:40					
3ª 10:40/11:30					
			RECREO 3º primaria LECTURA 4º/5º/6º primaria		
			LECTURA 3º primaria RECREO 4º/5º/6º primaria		
4ª 12:20/13:10					
5ª 13:10/14:00					



PLANIFICACIÓN SEMANAL DO ESPECIALISTA: _____ SEMANA DO _____ AO _____ DE _____ DE 202__

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
1ª					
2º					
3ª					
4ª					
5ª					

ANEXO 2.

Plan de Actuación. Atención á Diversidade. Contexto de ensino non presencial.

1. INTRODUCCIÓN.

En cumprimento do establecido na Resolución do 18 de Febreiro de 2021 da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, o noso centro elabora este Plan específico de actuación para a Atención á Diversidade nun contexto de ensino non presencial. Este documento é un complemento específico ao Plan de Ensino virtual xa existente no Plan de Continxencia do centro 2021-22 para aula ordinaria.

Este documento será incorporado como Anexo, pola dirección do centro, ao Plan de Continxencia do centro, conforme ao que se indica na Resolución conxunta da Secretaría Xeral Técnica e da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional de data 2 de novembro de 2020.

2. MEDIDAS ORGANIZATIVAS DO CENTRO.

2.1 DESTINATARIOS.

Alumnado en situación de especial vulnerabilidade na modalidade de ensino virtual, de xeito que poidan acadar o máximo desenvolvemento posible das súas capacidades persoais e, en todo caso, os obxectivos establecidos con carácter xeral para todo o alumnado.

2.2 PREPARACIÓN PARA O ENSINO VIRTUAL

Realizaranse sesións de práctica e formación coas familias e co alumnado vulnerable, por parte do profesorado de atención á diversidade. A formación do alumnado favorecerá o emprego de plataformas dixitais (Edixgal, Aula virtual,...) na medida das súas posibilidades e coa perspectiva da máxima normalización.

O ensino non presencial será impartido polo profesorado ordinario do alumnado preferentemente a través da aula virtual de cada grupo ou a propia do profesorado que atenda ao alumnado con esas características que estea en situación dun ensino a distancia, ou en situación de corentena cando non exista suspensión da actividade presencial, sen prexuízo doutras opcións de formación a distancia que poida por en funcionamento a consellería.

Organizarase unha reunión virtual nun horario que facilite a asistencia das familias, no que se fará un repaso polo funcionamento da aula virtual e se resolverán dúbidas das familias.

Como a meirande parte das familias deste centro xa teñen traballado online co profesorado de PT e AL o curso pasado soamente será preciso facer este traballo con familias cuxos fillos e fillas entran este ano por primeira vez a recibir un ensino por parte de especialistas. En todo caso a orientadora porase en contacto con elas para explicar que este Plan se levará a cabo cos horarios que se lles enviarán e indicará que se tratará de ensino obrigatorio e polo tanto que debe haber un compromiso pola súa parte de facilitar esta tarefa ao profesorado, e este de axudar a solucionar a posible carencia de medios.

Será a orientadora do centro quen contacte con estas familias para comprobar e revisar/ou orientar sobre o xeito de desenvolver as sesións a realizar en ensino non presencial. Caso de ser necesario o uso do tipo de ferramentas, estas estableceranse de antemán e seleccionárase o medio mais axeitado: videoconferencia (Zoom, Skype,...) acompañada de correo electrónico e teléfono como complementos.

Esta posta en contacto farase na segunda semana de Marzo do presente ano.

2.3 DESEÑO DO PLAN INDIVIDUALIZADO

O desenvolvemento do Plan realizarase de xeito individualizado, atendendo ás necesidades do alumnado vulnerable, cunha temporalización mínima de 14 días. Para o deseño do Plan individualizado teranse en conta os seguintes aspectos:

- a) Diseñarase a docencia en liña atendendo a súa temporalidade.
- b) Consensuando as ferramentas dixitais que se van empregar e a coordinación entre profesionais.
- c) Planificarase un horario de atención ao alumnado, adaptando o horario presencial ao non presencial tendo en conta ao profesorado que intervén e a necesaria colaboración das familias.
- d) As conexións faranse de xeito secuenciado establecendo os períodos de descanso necesarios, para que a atención do alumnado se siga mantendo no tempo.

Unha vez adecuada e consensuada a proposta polo equipo docente, comunicarase ao alumnado e as familias de xeito claro.

2.4 EQUIPO DOCENTE ESPECÍFICO.

- Se a alumna ou o alumno contaba con sesións de pedagogía terapéutica, audición e linguaxe, profesorado de reforzo dalgún contrato programa ou ARCO realizarase a atención posible coa colaboración da familia a través destes horarios de atención.
- Así mesmo cando o alumnado sexa beneficiario de atención por parte de persoal auxiliar coidador, estes profesionais seguirán mantendo contacto con este alumnado e coas familias proporcionando pautas para o seu coidado.
- Os equipos docentes de cada grupo/aula celebrarán reunións de coordinación atendendo aos seguintes aspectos:
 - Establecer pautas para o desenvolvemento de tarefas ou proxectos, axustar tempos de traballo, ofrecer apoios como organizadores, guías ou videotutoriais, etc.
 - Compartir información sobre o alumnado e facer unha valoración de logros e necesidades tanto a nivel grupal como a nivel individual, aportando indicadores de seguimento.
 - Coordinar os plans de traballo, evitando a sobrecarga de tarefas.

2.5 RECURSOS NECESARIOS

- a) O DO en colaboración co titor/a do grupo onde se atopa o alumnado con necesidades educativas identificará os recursos necesarios para garantir o ensino virtual que puideran ser necesarios desprazar ao fogar así como o procedemento para levalo a cabo.
- b) No caso de non dispoñer do equipamento necesario para o alumnado, realizarase unha solicitude conforme ao procedemento establecido para a Xestión do Equipamento Dixital COVID-19, dispoñible no seguinte enderezo. <https://www.edu.xunta.gal/portal/familiasealumnado/medidas-coronavirus>
- c) Adecuaranse as programacións didácticas ou as adaptacións curriculares, de ser o caso, para a consecución das competencias clave en todas as materias.

2.6. RESPONSABILIDADES E FUNCIÓNS DOS DIFERENTES PROFESIONAIS

2.6.1 DIRECCIÓN DO CENTRO.

- Coordinación do Plan específico de actuación.
- Adaptará ao horario de atención do alumnado.

2.6.2 EQUIPOS DE ORIENTACIÓN ESPECÍFICOS (EOE)

- Coordinación coas xefaturas dos departamentos de orientación
- A colaboración para a avaliación e a intervención
- Elaboración, se é procedente, de materiais de apoio,.

2.6..3. XEFATURA DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

Coordinar as actuacións do departamento, en particular nos seguintes aspectos:

- Comprobación, xunto co profesorado titor e os equipos docentes, das situacións de especial dificultade do alumnado, asesorando sobre medidas organizativas, metodolóxicas, de reforzo educativo e, no seu caso, realizando o seguimento ou adecuación das adaptacións curriculares.
- Revisión, xunto co profesorado, do desenvolvemento e avaliación dos diferentes plans.
- Asesoramento ao equipo directivo e ao equipo docente no relativo ao benestar emocional da comunidade educativa.
- Apoio emocional das familias do alumnado con necesidade específica de apoio educativo, facilitando mecanismos e ferramentas para mellorar o benestar emocional no posible período de confinamento, illamento ou corentena.
- Seguimento do alumnado en coordinación cos equipos docentes evitando o risco de abandono escolar ou unha desconexión temporal por mor do confinamento.
- Asesoramento ao equipo docente na elaboración e posta en práctica da avaliación educativa. Teranse en conta os diferentes protocolos educativos de atención á diversidade.
- Adaptación ao horario de atención do alumnado das intervencións do profesorado especialista en pedagogía terapéutica ou en audición e linguaxe, de xeito coordinado co horario do profesorado, contemplando de xeito explícito como se vai a levar a cabo ese apoio e intervención.
- Cando o profesorado de pedagogía terapéutica e de audición e linguaxe viñera facendo apoio na aula, realizará tamén esta función na clase en liña sempre que sexa posible, con independencia da necesidade de atención individualizada.
- Coordinación do apoio e intervención de profesionais externos en virtude de convenios, de ser o caso.
- Coordinación da intervención educativa do profesorado de pedagogía terapéutica e de audición e linguaxe co alumnado ao que viña prestando apoio.

- Seguimento do alumnado con necesidade específica de apoio educativo que ten informe psicopedagóxico.
- Orientación nos cambios metodolóxicos derivados do confinamento e do ensino virtual..
- Apoio, de ser o caso, na recuperación do vínculo escolar do alumnado desconectado do sistema.

2.6.4. ESPECIALISTAS EN PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA OU EN AUDICIÓN E LINGUAXE

- Coordinación co profesorado titor e co profesorado especialista na atención educativa ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo, para o cal establecerán un horario específico.
- Apoio directo de xeito telemático, telefónico ou calquera outro medio de comunicación co alumnado ao que estaba prestando apoio.
- Elaboración dun horario de atención ao alumnado que permita o uso dunha ferramenta de videoconferencias común e dividida por grupos e salas, ao mesmo tempo que o profesorado da área ou materia.

2.6.5. PROFESORADO DAS DIFERENTES ÁREAS OU MATERIAS E PROFESORADO TITOR

- Fomento do contacto diario do alumnado vulnerable co grupo de iguais para facilitar a participación plena e efectiva, e de cara á mellora do seu benestar psicosocial e emocional.
- O profesorado de reforzo de contratos programa ou ARCO colaborará para favorecer o acceso ao currículo a través dos medios dixitais, continuando coa súa función de apoio e reforzo e en coordinación coa persoa titora e outros docentes para evitar a sobrecarga de traballo. Contará co correspondente horario de atención garantindo o dereito do alumnado e o da súa familia á desconexión.

2.6.6. OUTROS PROFESIONAIS

- Os auxiliares coidadores, de ser o caso, interveñan co alumnado, participarán na súa atención de forma telemática e elaborando pautas no apoio ás familias, centradas na autonomía persoal e benestar durante o período de confinamento, illamento ou corentena.

A través da orientadora do centro que fará de mediadora, ofertarase a posibilidade de que as familias que o necesiten, reciban consellos e orientacións sobre como non descoidar aspectos formativos tan importantes coma a autonomía, os hábitos de comida e hixiene e os hábitos de aprendizaxe sobre o control de esfínteres. Neste sentido prepararase unha sesión de videoconferencia na que poidan ter contacto familia e alumno coas súas coidadoras.

3 COMO PROCEDER EN CASO DUN ENSINO A DISTANCIA.

- O mesmo día do peche, a dirección do centro enviará unha comunicación a través da aplicación AbalarMóbil e/ou publicará unha nova na web do centro.
- Trasladaranse orientacións ás familias dende a/as titorías de como se vai desenvolver o ensino a través da aula virtual durante ese tempo, recollidas xa neste plan.
- Dotarase, coa maior brevidade posible, a aula virtual dos contido e tarefas necesarias para que o alumnado continúe co seu proceso de ensino-aprendizaxe.
- **O alumnado atendido polo Departamento de Orientación (PT e AL)** conectarase virtualmente con este profesorado para recibir as súas clases, tendo en conta os novos horarios establecidos. O profesorado de PT e AL serán os encargados de convocar estas clases virtuais con cada un/unha dos alumnos/as.
- **O mestre/a realizará un control de asistencia e participación a través dos medios telemáticos**, do alumnado asistente, e comunicará ao titor/a, que rexistrará diariamente mediante as ferramentas habituais, e informará as familias de xeito concreto das súas consecuencias no proceso de avaliación.

4 CONSIDERACIÓNS A TER EN CONTA POLAS FAMILIAS

- A actividade lectiva non presencial será impartida polo profesorado especialista que atendía a ese alumnado no seu horario lectivo, a través das ferramentas dispoñibles.
- Utilizarase unha plataforma de videoconferencia corporativa (Webex, Falemos...) que permite a interacción en tempo real.
- A Aula virtual poderá ser o espazo dixital de traballo que permita dispoñer dun espazo web online para organizar os contidos e recursos do ensino.
- O profesorado e o alumnado deberán conectarse á hora que se establece no cadro horario.
- No Anexo I: ACCESO A FAMILIAS do Plan de Continxencia do centro, anexo Plan de ensino virtual, poderemos atopar instrucións gráficas de como facer as conexións e videoconferencias empregando diferentes ferramentas.

5 CONSIDERACIÓNS DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN PARA A ATENCIÓN DO ALUMNADO.

- **Educación Infantil e 1º e 2º niveis de Ed. Primaria:**

- O profesorado de PT e AL, en colaboración co profesorado titor poranse en contacto coa familia para informar do modo de traballar de xeito telemático, ou usando o correo electrónico ou o teléfono . En todo caso a familia estará informada de xeito que podan prantexar dúbidas, e consultar o que considere necesario.
- As especialistas de PT aportarán á titoría aquel material individual que o alumnado de neae precise, e que poda ser desenvolto na casa coas orientacións dadas polos medios telemáticos que mellor se adapten a cada caso.
- A especialista de A.L. , naqueles aspectos que sexa posible desenvolver na casa coas orientacións precisas, fará o mesmo que as profesoras de P.T. Elixirá os medios e recursos mais axeitados a cada caso individual.
- O profesorado de PT e Al non ten acceso ao espazo ABALAR e polo tanto os medios que use serán distintos do que usa a titora reducíndose así, en certo modo, as facilidades de conexión coas familias e co alumnado que atende.

- **Educación primaria: cursos de 3º a 6º.**

- Informar e poñerse en contacto coas familias para establecer as directrices, horarios, recursos, etc para proceder a unha dinámica de traballo que imite na meirande parte o traballo presencial na aula. Encargarase o titor ou titora en primeiro lugar, a través do espazo ABALAR (o profesorado especialista de PT/AL non ten acceso a este espazo, polo que optará por outras vías de contacto en coordinación cos titores.)
- O horario de atención ao alumnado será, na medida do posible, o mesmo que se está a seguir no ensino presencial.
- O alumnado de 3º e o alumnado de 6º que teñen ACS seguirán os contidos marcados na súa programación cos materiais aportados polo neno/a, polas titoras/es e polas especialistas en PT e AL para acadar os obxectivos establecidos nas súas ACS individuais.
- Este profesorado especialista utilizará a aula virtual para interaccionar cos seus alumnos no horario establecido para cada un/unha de xeito individual na proporción enriba sinalada. Fará as correccións oportunas e trasladará os resultados ao alumnado usando correo electrónico, ou outros medios que considere axeitados a cada caso (Webex).

- O alumnado de 5º traballa con E-DIXGAL. Os alumnos e alumnas que sexan atendidos polo profesorado de PT e AL para desenvolver as súas ACS recibirán as correccións dos seus traballos pola vía telemática que sexa acordada coa familia.
- Este alumnado será avaliado polas /os titoras/es en conxunto cos especialistas.

- **Funcionamento da orientadora do centro**

- No caso de confinamento parcial estará en contacto coas especialistas do D.O. e estará dispoñible para facer as aportacións que se requiran na medida das posibilidades.
- Tentarase levar a cabo os obxectivos que están na Concreción do P.A.D. en cada trimestre.
- Usará os medios telemáticos necesarios para solucionar a comunicación necesaria entre os diversos ámbitos de comunicación cara a levar a orientación ata onde sexa posible.

6 HORARIOS DE ATENCIÓN AO ALUMNADO.

6.1 Funcionamento dos horarios de atención para o alumnado vulnerable.

O proceso de ensino aprendizaxe, necesita do mantemento dunhas rutinas que pasan por unha interacción entre o alumnado e o profesorado, que conleva unha estruturación do proceso mediante a organización dun horario similar ao desenvolto nunha situación de presencialidade, empregando ferramentas de comunicación e aulas virtuais.

O horario virtual sinalado para Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe será de atención individualizada debido as necesidades específicas de cada alumno, e levarase a cabo a través de videoconferencias na plataforma “Webex” mentres esta estea a disposición do profesorado, e posteriormente pasará a “Falemos”, cando a anterior deixe de funcionar.

O traballo para realizar na casa, de E.I. e 1º e 2º de E.P. será enviado a través do correo electrónico, que nos permitirá tamén comunicarnos coas familias.

No curso de 5 e 6º seguirase traballando así mesmo a través da plataforma E-Dixgal.

En 3º, 4º e 6º de E.P. empregarase a aula virtual como espazo para propoñer e desenvolver actividades.

7 RESUMO

- Estableceranse unhas planificacións horarias individuais para o alumnado obxecto deste Plan de xeito que se manteña o vínculo co alumnado dun modo coherente, tendo en conta o medio virtual no que se desenvolve.
- Os centros realizarán, se fora necesario, simulacións que permitan ter establecidos os protocolos de actuación no caso dun ensino a distancia.
- Os centros comunicarán as familias a concreción do protocolo en caso de peche para que sexa coñecido e poidan contribuír ao proceso educativo coa publicación deste plan de ensino na web do centro, e comunicación mediante abalar móbil.
- As tarefas para o alumnado semellaranse o máis posible ao sistema presencial respectando o seu dereito ao lecer e ao descanso.
- A actividade lectiva non presencial será impartida polo profesorado ordinario do alumnado a través das ferramentas institucionais tales como as aulas virtuais, Webex, etc..
- O mesmo día do peche a dirección do centro enviará unha comunicación a través de Abalar Móbil e/ou publicará unha nova na web do centro.
- O profesorado habilitará na aula virtual do centro os recursos e as actividades iniciais e trasladará orientacións ás familias, especialmente para o alumando.
- Durante o peche ou confinamento o profesorado continuará coa súa labor docente de acordo co previsto no apartado 30 do Protocolo de Adaptación ao Contexto da Covid-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2020-2021.
- Garantirase en todo momento a atención á diversidade do alumnado para o cal se disporán os recursos organizativos e didácticos necesarios que, con carácter individualizado, respondan ás súas necesidades, con especial atención ás adaptacións curriculares e aos protocolos de atención á diversidade, de ser o caso.
- Unha vez atendidas as necesidades iniciais as direccións dos centros trasladarán con carácter de urxencia por correo electrónico á inspección educativa as necesidades, priorizadas, de equipos que quedaran sen cubrir.
- As condicións de prestamos ás familias dos recursos e equipamentos necesarios para seguir este tipo de ensino son as mesmas que as recollidas no Plan de Continxencia do centro, anexo Plan de ensino virtual, punto 7. Resumo.

8 SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN

O Servizo de Inspección Educativa, co apoio dos Equipos de Orientación Educativa, de ser o caso, realizara o seguimento e supervisión do Plan Específico de Actuación para garantir a atención virtual do alumnado vulnerable dos diferentes centros docentes.